



Roles de xénero, política das emocións e poder entre Castela e Portugal no século XV: dos tratados á crónica

Uxía Gestoso Cancelo

Traballo Final de Grao - Curso 2023/2024

Titorizado por: Diana Pelaz Flores

Departamento de Historia Medieval

Grao en Historia

Universidade de Santiago de Compostela

Índice

Introdución	3
Estado da cuestión	4
1. Os modelos comportamentais de xénero coma unha normatividade conxuntural: as virtudes de reis e raíñas a través da tratadística.....	7
1.1. A crise das identidades de xénero do século XV e a educación comportamental .	7
1.2. Amor e virtudes rexias: a entidade do bo e correcto rei	9
1.3. A modelaxe relacional da raíña: entre o estereotipo e a excepción	13
2. A performatividade dos modelos de xénero: das sintonías da parella rexia ás perturbacións do corpo político da monarquía	18
2.1. O rei coma suxeito dunha masculinidade plural.....	19
2.2. A actuación rexinal: da normalidade política á alteración e inversión de roles...	24
Conclusións	32
Bibliografía.....	33

Roles de xénero, política das emocións e poder entre Castela e Portugal no século XV: dos tratados á crónica

Resumo: O presente traballo formula unha análise das masculinidades e feminidades vinculadas ao exercicio do poder de reis e raíñas durante a primeira metade do século XV, dende unha perspectiva comparativa entre os reinos de Castela e Portugal. Para iso, prestaranse atención tanto ás pautas de comportamento, coma á expresividade das emocións, a través das cales comprender a construción das estruturas do poder monárquico, en paralelo ás regras de relación entre os sexos. Partirase entón dun estudo dos modelos normativos de homes e mulleres, reflectidos en tratados morais inseridos no contexto da Querela das Mulleres. Dende aquí, os estándares de conducta contrastaranse coa performatividade dos roles rexios e rexinais recollidos nas crónicas, buscando sintonías e alteracións entre ambos.

Palabras chave: xénero, emoción, poder, monarquía, século XV.

Roles de género, política de las emociones y poder entre Castilla y Portugal en el siglo XV: de los tratados a la crónica

Resumen: El presente trabajo formula un análisis de las masculinidades y feminidades vinculadas al ejercicio del poder de reyes y reinas durante la primera mitad del siglo XV, desde una perspectiva comparativa entre los reinos de Castilla y Portugal. Para ello, se prestará atención tanto a las pautas de comportamiento, como a la expresividad de las emociones, a través de las cuales comprender la construcción de las estructuras del poder monárquico, en paralelo a las reglas de relación entre los sexos. Se partirá entonces de un estudio de los modelos normativos de hombres y mujeres, reflejados en tratados morales insertados en el contexto de la Querrela de las Mujeres. Desde aquí, los estándares de conducta se contrastarán con la performatividad de los roles regios y reginales recogidos en las crónicas, buscando sintonías y alteraciones entre ambos.

Palabras clave: género, emoción, poder, monarquía, siglo XV.

Gender roles, politics of emotions and power between Castile and Portugal in the 15th century: from treatises to chronicles

Abstract: This study formulates an analysis of masculinities and femininities linked to the exercise of the power of kings and queens during the first half of the 15th century, from a comparative perspective between the kingdoms of Castile and Portugal. For this, attention will be paid both to the patterns of behaviour and to the expressiveness of emotions, through which to understand the construction of the structures of monarchical power, parallel to the rules of relationship between the sexes. The starting point will be a study of the normative models of men and women, reflected in moral treatises inserted in the context of the *Querelle des Femmes*. From here, the standards of conduct will be contrasted with the performance of the kingly and queenly roles described in the chronicles, seeking commonalities and alterations between both.

Key words: gender, emotion, power, monarchy, 15th century.

Introdución

“do pranto e lamentações que ao tempo de sua morte os Infantes seus filhos por mingua de tal padre, e os vasallos por perda de tal Rei deviam fazer, escuso de as especificar”¹

Así xustifica o cronista portugués Rui de Pina o seu escaso interese por describir con máis detalle as emocións, coma a tristeza sentida pola morte do rei João I, en tanto que se comprenden coma expresións aprehendidas e naturalizadas na mentalidade dese momento, ao igual que o estaban as normas de xénero. Rescatar das fontes históricas ambas realidades, a pesares de que os conceptos de “emoción” e “xénero” non existisen en tempos coma o Medievo, permiten historiar e interpretar a construción de identidades coma as feminidades e masculinidades. Isto atravesa e condiciona, sen determinismos nin esencialismos, sociedades e individuos, dende as relacións persoais ata o exercicio do poder político en sentido estrito por parte de reis e raíñas.

Emoción e xénero constitúense así coma construcións culturais que permiten a relación e comunicación social a través da súa “performatividade”, é dicir, mediante a repetición estilizada das mesmas, seguindo as teorizacións de Judith Butler². Ambas entidades pasan a conformar políticas, “habitus” e discursos que establecen pautas de comportamento dos individuos para preservar un orde xerárquico de poderes. Todo isto muda ao longo do tempo e do espazo, convertendo ao xénero e á emoción en categorías útiles de análise histórica.

Dende estes postulados interpretativos, o presente traballo pretende analizar a plasticidade e pluralidade dos roles de xénero e das súas emocións, nun contexto coma o do século XV marcado por profundos cambios en multitude de planos coma o político, en paralelo a unha crise das identidades de xénero. Isto reflíctese nunhas fontes máis descritivas e abundantes, favorecendo a percepción de visións e intereses múltiples, así coma a aplicación dunha perspectiva multicomparativa. Aproveitando as relacións existentes entre os reinos de Portugal e Castela, tomaranse coma casos de estudo as parellas rexias formadas por D. Duarte e Leonor de Aragón, xunto con Xoán II e María

¹ de Pina, Rui, *Chronica d'El-Rei D. Duarte*, Lisboa, Escripatorio, 1901, cap. 1, p. 20.

² Para aproximarse á utilidade do concepto da “performatividade do xénero” de Judith Butler para a conceptualización das emocións, ver: Braunmühl, Caroline, “Theorizing emotions with Judith Butler: within and beyond the courtroom”, en *Rethinking History*, 2012, vol. 16, nº 2, pp. 221-240.

de Aragón respectivamente, circulando dende os modelos normativos de xénero reflectidos en tratados vinculados a estes gobernantes, ata a performatividade dos roles descrita polas crónicas, buscando sintonías, alteracións e complementariedades. Deste xeito, grazas á visibilidade e carácter modélico de reis e raíñas, poderase realizar unha caracterización das normas de xénero que rexían tanto a institución monárquica, coma as relacións de poder entre os sexos.

Estado da cuestión

A nivel historiográfico, o xiro lingüístico da década dos 70 e dos 80 supuxo a introdución do posmodernismo e con isto, a teorización do xénero e das emocións en base ao construtivismo social, paradigma que recibiu críticas e matizacións nas últimas décadas, pero que, en todo caso, permitiu a ampliación e relectura de temas e inquietudes, algunhas novas e outras xa existentes.

Así, a Historia de Xénero desenvólvese fundamentalmente grazas ás aportacións teóricas de Joan Scott³, quen traslada o foco de estudo das mulleres e as causas da súa subordinación coma suxeitos analíticos, para centrarse na historización e construción dos mecanismos dese sometemento, incidindo no seu carácter relacional e atacando a esencialización e naturalización das identidades femininas e masculinas. Con respecto ao período medieval, dende entón, o estudo das masculinidades desenvolveuse grazas a investigacións en torno a grupos sociais coma o clero, así coma aos traballos de autoras coma Jo Ann McNamara⁴ ou Ruth Mazo Karras⁵. Pola contra, figuras masculinas coma o rei quedaron máis relegadas a estudos políticos ou de corte máis tradicional, mentres as femidades careceron do mesmo impulso, dado o peso da Historia das Mulleres.

Por outra banda, as emocións xa foran obxecto de interese dende comezos do século XX, como demostran autores coma Johan Huizinga, Norbert Elias ou Lucien Febvre. Non obstante, as emocións coma obxecto de estudo non vivirían en Europa un

³ Scott, Joan, “Gender: a useful category of historical analysis”, en *American Historical Review*, 1986, vol. 91, nº 5, pp. 1053-1075.

⁴ McNamara, Jo Ann; Lees, Clara; e Fensler, Thelma (eds.), *Medieval masculinities: regarding men in the Middle Ages*, Londres, University of Minnesota Press, 1995.

⁵ Mazo Karras, Ruth, *From boys to men: formations of masculinity in Late Medieval Europe*, Philadelphia, University of Pennsylvania Press, 2003.

período de auge ata a terceira xeración da Escola dos *Annales* e a Historia das Mentalidades, unha tendencia que derivaría na Historia das sensibilidades e dos sentidos. Este campo de investigación, que inclúe a análise das emocións, é cultivado na actualidade principalmente por historiadores franceses e latinoamericanos, coma algúns dos membros do “Grupo de Investigación y Estudios Medievales” da Universidade de Mar de Plata.

Non obstante, a Historia das Emocións en tanto que subdisciplina propia xorde coma resultado, entre outros factores, do desenvolvemento das teorías construtivistas da década de 1970, impulsadas dende o espazo anglosaxón ao igual que no caso do xénero. Neste ámbito, dende os anos 80 do século XX en adiante xurdirán debates teóricos, destacando os conceptos de “emocionoloxía” dos Stearns, “aesthesioloxía” de Joanna Bourke, “comunidade emocional” da medievalista Barbara Rosenwein, “réxime emocional” de William Reddy ou “práctica emocional” de Monique Sheer⁶. Con todo, o auge que vive a Historia das Emocións na actualidade respondería, segundo Jan Plamper, ao impacto que supuxeron os atentados do 11S a nivel da percepción emocional, xunto co avance da investigación de neurociencia e do feminismo, entre outros factores⁷.

No panorama historiográfico español destacan as aportacións do grupo de investigación de Javier Moscoso, que propón o termo de “historia da experiencia”⁸. Ademais, como mostra do crecente interese da conxunción analítica de xénero e emocións, a arqueóloga Almudena Hernando emprega as nocións de emoción e razón para articular a súa teoría do xénero, en base ao que denomina “identidade relacional”,

⁶ Stearns, Peter, e Stearns, Carol, “Emotionology: clarifying the History of Emotions and Emotional Standards”, en *American Historical Review*, vol. 90, nº 4, pp. 813-836. Bourke, Joanna, “Fear and anxiety: writing about emotion in Modern History”, en *History Workshop Journal*, vol. 55, nº 1, pp. 111-133. Rosenwein, Barbara, *Emotional communities in Early Middle Ages*, Nova York, Cornell University Press, 2006. Reddy, William, *The navigation of feeling. A framework for the History of Emotions*, Nova York, Cambridge University Press, 2001. Sheer, Monique, “Are emotions a kind of practice (and is that what makes them have a History)? A bourdieuan approach to understand emotion”, en *History and Theory*, 2012, vol. 51, nº 2, pp. 193-220.

⁷ Plamper, Jan, “Historia de las emociones: caminos y retos”, en *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 2014, vol. 36, pp. 17-29.

⁸ Moscoso Sanabria, Javier, e Zaragoza Bernal, Juan Manuel, “Historia del bienestar. Desde la historia de las emociones a las políticas de la experiencia”, en *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 2014, vol. 36, pp. 73-88.

asociadas ás mulleres, e “identidade independente”, vinculada aos varóns⁹. Con respecto aos estudos medievais actuais, destaca o uso das emocións para a análise de cuestións de comunicación política, coma as investigacións de José Antonio Jara Fuente¹⁰.

Por outra banda, as teorías posmodernas supuxeron tamén o xurdimento dunha concepción do poder máis plástica, que impactaría no estudo da Nova Historia Política e favorecería así ao desenvolvemento dos estudos de “Queenship” ou “rexinalidade”. Estas investigacións consideran á raíña coma un suxeito histórico con participación activa no exercicio da autoridade monárquica, exercendo o seu poder a través de prácticas coma o mecenazgo, a administración da súa Casa e señorío propio, a representación diplomática e cerimonial, ou a itinerancia espacial. Así, estes estudos sobre rexinalidade tamén contribuíron á paulatina relectura en clave de xénero das teorías políticas medievais, tradicionalmente focalizadas só na figura do rei, coma a coñecida “teoría dos dous corpos do rei” formulada por Ernst Kantorowicz¹¹.

Ao respecto, destacan as aportacións fundamentais realizadas por Therese Earenfight, quen propón, ademais do impulso de estudos comparativos, a substitución do concepto de “monarquía” polo de “rulership”, baixo o cal poder analizar en conxunto o “kingship” e o “queenship” no seu exercicio dun poder relacional, estendido por redes de persoas vinculadas á familia real ou á corte¹². Xunto con esta autora, para o estudo da rexinalidade nos reinos hispánicos medievais destacan outras historiadoras coma Ana María S. A. Rodrigues, Manuela Santos Silva, Elena Woodacre ou Núria Silleras¹³. Este ámbito de estudo en auge está progresivamente impulsando o estudo das masculinidades e feminidades de reis e raíñas, incorporando tamén as emocións coma unha ferramenta metodolóxica.

⁹ Hernando, Almudena, *La fantasía de la individualidad. Sobre la construcción sociohistórica del sujeto moderno*, Madrid, Traficantes de Sueños, 2018.

¹⁰ Jara Fuente, José Antonio (coord.), *Emociones políticas y políticas de la emoción: las sociedades urbanas en la Baja Edad Media*, Madrid, Dykinson, 2021.

¹¹ Kantorowicz, Ernst, *Los dos cuerpos del rey: un estudio de teología política*, Madrid, Alianza, 1985.

¹² Earenfight, Theresa, “Without the persona of the prince: kings, queens and the idea of monarchy in late Medieval Europe”, en *Gender & History*, 2007, vol. 19, nº 1, pp. 1-21.

¹³ Rodrigues S. A., Ana María, *As tristes rainhas: Leonor de Aragón e Isabel de Coimbra*, Lisboa, Temas e debates, 2013. Silva Santos, Manuela, *Filipa de Lencastre: a rainha inglesa de Portugal*, Lisboa, Temas e debates, 2014. Woodacre, Elena, *The queens regnant of Navarre: succession, politics, and partnership (1274-1512)*, Nova York, Palgrave Macmillan, 2013. Silleras-Fernández, Núria, *Power, piety and patronage in late Medieval Queenship: María de Luna*, Nova York, Palgrave Macmillan, 2008.

1. Os modelos comportamentais de xénero coma unha normatividade conxuntural: as virtudes de reis e rañas a través da tratadística

Os discursos de xénero, que son detectables nos tempos medievais en diferentes fontes, coma tratados, obras literarias ou relatos cronísticos, reflicten á vez que dotan de significado ás relacións xerárquicas entre os sexos. Segundo formula Joan Scott, as representacións destas relacións cambiarán paralelamente ás mudanzas que sufran as relacións de poder, polo que todos estes discursos dependen da evolución histórica das institucións sociais¹⁴. Ante esta variabilidade, precisarase de normas para a regulación dos comportamentos entre os sexos, que permitan a valoración positiva ou negativa das condutas, en base á súa semellanza a unha serie de modelos.

1.1. A crise das identidades de xénero do século XV e a educación comportamental

Un claro exemplo do carácter flutuante das identidades de xénero podemos atopalo nos nosos casos de estudo, inseridos no contexto do debate aberto coa Querela das Mulleres. O propio carácter heteroxéneo das posturas vertidas nestes tratados, así coma noutras obras do momento, manifesta a existencia de perspectivas en disputa con respecto á representación do masculino e do feminino, dos comportamentos moralmente aceptados para os dous sexos, das normas de control das relacións entre ambos, ou da concepción dos corpos¹⁵. Estes debates desenvólvense nun contexto no cal a cultura cabaleiresca do amor cortés estaba presente de maneira patente nas cortes ibéricas baixomedievais¹⁶. Este ideario cortesán establece unha relación na cal as mulleres aparecen coma unha construción pasiva, sobre a cal manifestar un amor complementario ao carácter guerreiro do cabaleiro.

Este modelo de amor, orixinado segundo William Reddy en tempos da reforma gregoriana, aparece coma un perigoso pero necesario desexo, cuxa impulsividade debía

¹⁴ Scott, “Gender: a useful category...”, pp. 1067-1068.

¹⁵ Sampedro López, Roque, “La construcción de género en el *Corbacho* de Alfonso Martínez de Toledo”, en *Vegueta: Anuario de la Facultad de Geografía e Historia*, 2021, vol. 21, nº 1, p. 505.

¹⁶ Un dos exemplos que representan con maior vistosidade estes ideais cabaleirescos na Castela de tempos de Xoán II é o torneo coñecido coma o “Paso honroso”, protagonizado por Suero de Quiñones sobre a ponte de Órbigo. Pérez de Guzmán, Fernán, *Crónica del serenissimo rey don Juan Segundo*, impresión de Porrallis, Thomas, Pamplona, 1590, cap. CCXL, p. 162.

controlarse para evitar actos irracionais e enfermizos¹⁷. Este discurso do amor cabaleiresco foi interpretado coma unha posible ameaza subversiva contra as xerarquías de xénero, dando lugar a textos misóxicos e á idealización dun modelo feminino moi concreto, na obsesión pola castidade, así coma no impulso ao culto á Virxe María¹⁸. A resposta doutro sector masculino foi a adopción dunha postura en defensa das mulleres virtuosas, encarada dende a protección, que reafirmaba os valores cabaleirescos e seguía a reproducir certos tópicos difamantes contra as mulleres. Neste senso, as expresións emocionais aparecen coma formas de pensamento coas que se reforzarían as normas e estruturas sociais. Estas emocións normativas constituirían o que Reddy denomina coma “réxime emocional”¹⁹, e presentan á corte coma unha “comunidade emocional”²⁰.

Se ben os estándares de comportamento da meirande parte da sociedade do común fosen máis laxos, os tratados e obras cortesás, nos cales polo xeral o rei e a raíña actuaban coma modelos de perfección, deixaban entrever os valores que se pretendían transmitir aos seus súbditos. Así, os reis aparecen coma os encargados de manter unha determinada orde no seu reino a través do seu exemplo, co cal os seus súbditos poderían coñecer as pautas de comportamento que debían seguir cos seus superiores e inferiores na xerarquía social²¹. Nesta relación educativa, o rei era o responsable da salvación divina dos seus subordinados. Establécese así unha relación entre a capacidade de preservación da xustiza, e a competencia do rei para executar un ideal equilibrado de masculinidade, o que explica a importancia concedida nos espellos de príncipes ao cultivo de certos comportamentos virtuosos²². Unhas virtudes para as cales tanto homes coma mulleres tiñan recoñecidas capacidades para adquirilas mediante o hábito, polo que na mentalidade medieval si tiña cabida unha idea performativa do xénero²³.

¹⁷ Silleras-Fernández, Núria, *The politics of emotion: love, grief and madness in Medieval and Early Modern Iberia*, Nova York, Cornell University Press, 2024, pp. 33-34.

¹⁸ Lett, Didier, *Hommes et femmes au Moyen Âge: histoire du genre, XIIe-XVe*, París, Armand Colin, 2013, p. 213.

¹⁹ Reddy, *The navigation of the feeling...*, p. 129.

²⁰ Rosenwein, *Emotional communities...*, p. 2.

²¹ Herrup, Cynthia, “The two king’s genders”, en *Journal of British Studies*, 2006, vol. 45, nº 3, p. 497.

²² Lewis, Katherine, *Kingship and masculinity in Late Medieval England*, Londres, Routledge, 2013, p. 2. e p. 35.

²³ A pesares disto, cabe ter en conta que a concepción medieval do xénero (en tanto á idea que este supón, posto que o termo non existía) era tamén configurada e percibida de forma naturalizada, empregando toda unha serie de explicacións biolóxicas para tentar demostrar a inferioridade feminina.

1.2. Amor e virtudes rexias: a entidade do bo e correcto rei

A partir destas concepcións, nos espellos de príncipes e outros tratados, coma o “Leal Conselheiro”, escrito polo rei D. Duarte, farase especial fincapé na necesidade de que os monarcas exercesen un bo goberno do seu corpo e alma, da súa casa e do reino. Na mentalidade do momento a entidade corporal estaba profundamente ligada á condición moral dos individuos, algo que tiña especiais implicacións para a monarquía, onde perturbacións no entorno máis privado poderían xerar repercusións públicas²⁴.

Este “Leal Conselheiro” aparece así coma un tratado de filosofía e moralidade, solicitado pola raíña Leonor de Aragón, petición que queda consignada na dedicatoria que o monarca fai en favor da súa muller²⁵; un xesto que reflicte á súa vez un interese por amosar publicamente a boa sintonía da parella. Esta obra presenta unha gran orixinalidade, tanto polos seus contidos autobiográficos, coma pola viveza outorgada ás expresións emocionais, que articulan un catálogo de virtudes e pecados. Fogar de todas estas emocións e virtudes será o corazón, que D. Duarte describe cunha analoxía dun palacio, cuxas cinco salas terían un acceso xerarquizado:

“Amor, desejo, deleitaçom, odio, avorrecymento, triste, manssidoõe, sperança, eatrevymento, sanha, desperaçom, etemor, eossentido de todas doze em casas iguaaes, na salla ser mais geeral, e menos aficado. E nas outras casas ira crecendo ataa oestudo que sera mais especial e ryjo que sser pode. (...) Epoi afim delles he seu começo, prymeiro adevemos ordenar em nosso coraçom poendo na sala todallas cousas que nom tem outra, afora filhar prazer. Na camara do paramento as do proveito. As da saude corporal, na camara de dormir. Nas trescamaras, os feitos de honrra (...) O estudo specialmente seja guardado perao serviço de nosso senhor, e seguymto das virtudes.”²⁶

Disto cabe deducir a necesidade dun ordenamento racional das emocións, un *topos* recorrente nos espellos de príncipes dende as crises do XIV²⁷. A aspiración era amosar emocións mesuradas e honestas, se ben don Duarte recomenda agochalas en caso de non poder borrarlas: “se do coraçom anom podernos tirar, devemosla soffrear, e escondendoa fallemos, e mostremos razoada contenença como se anom tevessemos”²⁸.

²⁴ Silleras-Fernández, *The politics of emotions...*, p. 8.

²⁵ D. Duarte, *Leal Conselheiro*, edición de Roquete, José Ignacio, Lisboa, 1843, p. 1.

²⁶ D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. LXXXVI, p. 259.

²⁷ Silleras-Fernández, *The politics of emotions...*, p. 51.

²⁸ D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. XVI, p. 52.

De entre todas as emocións recollidas no “Leal Conselheiro”, o binomio amor-temor será o que conte cunha presenza máis significativa, aplicado tanto ás relacións conxugais, familiares e de amizade, coma ao tratamento dos súbditos. Segundo a quen fose dirixido, este amor podería manifestarse a través de catro formas diversas: amizade, amor, desexo de facer ben e “benquerença”²⁹. A amizade só estaba ao alcance daqueles máis próximos ao monarca, sendo esta considerada coma a forma de amor máis elevada, impulsada polo corazón, pero sempre rexida pola razón. Sen sinalar ás mulleres coma culpables das tentacións, advirte dos perigos dos amores desmedidos, se ben o cultivo dun amor ordenado era preciso para sustentar a lealdade, a confianza e a obediencia de amigos e cónxuxes, evitando así os enganos, envexas e adulterios³⁰.

Así, a amizade é presentada por D. Duarte non só coma un sentimento, senón coma unha pauta de comportamento e de relación social, que debía rexer o matrimonio xunto coas demais manifestacións do amor. En base a esta amizade, establécense unha serie de conductas complementarias, á vez que xerárquicas, entre marido e muller. A súa unión debía ampararse na virtude da castidade³¹, xa que do contrario, ao igual que con respecto á cuestión emocional, isto podería destruír a orde da parella. Esta preocupación polo control da sexualidade provén dunha concepción do sexo ligada ao pecado e ao seu potencial debilitador da masculinidade, en tanto que isto podería aumentar a influencia da muller sobre o varón.

Segundo o consello de don Duarte, o coidado do vínculo matrimonial debía recaer no marido, quen debía encargarse de ser amado e temido pola súa esposa, recomendación ampliada para os seus fillos e outras persoas dependentes del. Baixo esta concepción, o temor non se presenta coma un medo directo aos castigos físicos, senón coma un desexo por evitar enfadar ou molestar ao marido, quen en caso dun mal comportamento, debía corrixir á súa muller “per brandeza de pallavras”, ou en caso de non obedecer, “per mostrança de forza”³². No seu tratamento do amor e do matrimonio,

²⁹ D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. RIIIJ, p. 149.

³⁰ Rodrigues S. A., Ana María, “Os escritos de D. Duarte sobre as mulleres no Leal Conselheiro: ecos longínquos da Querelle des Femmes?”, en *Optimo magistro sodalium et amicorum munus: homenagem a Aires A. Nascimento pelo seu 80º aniversário*, Lisboa, Centro de Estudos Clásicos, 2022, p. 240.

³¹ D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. XXX, p. 102.

³² D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. RVI, p. 157. Aquí reflíctese á perfección a concepción medieval da “marital corrección”. Consultar en: García Herrero, María del Carmen, “La marital corrección: un tipo de

D. Duarte reflicte algúns dos argumentos recollidos nos tratados casteláns profemininos asociados á Querela das Mulleres, a pesares de que coas fontes dispoñibles non se puido constatar unha relación directa entre ambas realidades³³, un obstáculo que non impide resaltar a circulación de certos ideais e normas de comportamento entre estes espazos. En todo caso, a descrición dada do amor coma unha construción de carácter político aparecerá vinculada ao cultivo das virtudes, necesarias para calquera bo gobernante.

De entre as catro virtudes cardinais, a prudencia será a máis destacada por don Duarte, coma aquela calidade que precisan os reis para gobernarse a si mesmos e ao seu pobo. A prudencia aparece definida coma “huu olho daalma”³⁴, que debe guiar a razón do monarca para discernir o ben do mal, e garantir o ben común do seu pobo, sen deixarse seducir polos desexos de pracer e fortuna. Esta virtude, exercida dende a sabedoría persoal, complementaríase coa temperanza, a fortaleza e a xustiza, que garantirían a firmeza e pulcritude moral do corazón do monarca, así coma a prevalencia da razón sobre paixóns volubles³⁵. Ademais, a prudencia do rei permitiríalle recibir consellos das súas persoas próximas, sen deixarse encandear polas malas influencias. En correspondencia, o privado ou conselleiro real debía caracterizarse por un forte sentido da lealdade, obediencia, xustiza, bondade e correctos costumes³⁶.

Por outra banda, no “Leal Conselheiro” tamén se presta atención ás virtudes teologais, a saber: fe, caridade e esperanza. Esta última é considerada polo rei coma un dos tres sentimentos fundamentais, xunto co amor e o temor³⁷, permitíndonos establecer un paralelismo entre a relación que os fieis debían manter con Deus, e os súbditos e

violencia aceptado en la Baja Edad Media”, en *Clío & Crímen: revista del Centro de Historia del Crimen de Durango*, 2008, nº 5, pp. 39-71.

³³ Rodrigues S. A., “Os escritos de D. Duarte...”, p. 243.

³⁴ D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. LI, p. 182.

³⁵ Precisamente virtudes coma a piedade, a misericordia ou a humildade eran tamén identificadas coma trazos femininos, que o monarca debía posuír de seu, e non unicamente pola influencia externa da raíña. Isto levou a algunhas autoras a defender que no corpo do rei debía lograrse un equilibrio entre o masculino e o feminino, senón do contrario o monarca podería caer en vicios, considerados coma efecto da súa efeminización ou débil masculinidade. Deste xeito, segundo a opinión destas autoras, isto tamén implicaría unha caracterización da tiranía como algo feminino, baseándose en autores coma Séneca ou Maquiavelo, se ben nas fontes consultadas para este traballo non puido chegarse a unha conclusión reveladora ao respecto. Herrup, “The king’s two...”, p. 499; Lewis, *Kingship and masculinity...*, p. 30 e pp. 231-232.

³⁶ D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. L, p. 178.

³⁷ *Ibid.* cap. XXXIX, p. 132.

subordinados co seu monarca. Tal e como se recolle nas Partidas de Afonso X, Deus debía ser amado sobre todas as cousas, unha pauta de comportamento que permitía xustificar o amor, e por tanto a lealdade e obediencia, ao rei, que debe ser tamén temido para evitar perder o seu amor e con el, o seu recoñecemento da función desempeñada por cada individuo na xerarquía social³⁸. Esta lectura do amor dende unha lóxica pacífica, ligada a Deus e á teoloxía política, explica tamén o rexeitamento das expresións da ira rexia³⁹.

Neste senso, o amor supón un instrumento de relación e conducta sociopolítico que permite garantir a orde das estruturas vixentes, sendo efectiva dende o plano familiar ata o ámbito do reino. Segundo Katherine Lewis, a xerarquización de ambos aspectos arredor da figura do rei, cuxas virtudes se presentan coma signos da excelencia de todo o xénero masculino, permite establecer unha certa correspondencia co concepto de “masculinidade hexemónica”, que debía ser encarnada polos varóns máis poderosos, baixo os que quedarían subordinadas mulleres, así coma homes con masculinidades marxinais⁴⁰, que serían feminizadas e vinculadas a vicios femininos⁴¹.

Ademais de perfilar unha serie de modelos de comportamento, este catálogo de consellos permítelle a don Duarte acentuar paralelamente a imaxe propagandística da dinastía Avís coma educadora do seu pobo⁴². Estas pautas virtuosas e moralizantes serían exemplificadas a través da idealización da parella real formada por João I e Filipa de Lancaster, que aparecerá varias veces referenciada ao longo do “Leal Conselheiro”⁴³

³⁸ Jara Fuente, José Antonio, “*Con grande amor e lealtad*. Las emociones al servicio de las relaciones políticas en la Castilla del siglo XV”, en Jara Fuente, José Antonio (coord.), *Emociones políticas y políticas de la emoción: las sociedades urbanas en la Baja Edad Media*, Madrid, Dykinson, 2021, pp. 147-148, pp. 152-153 e p.164. Esta explicación das implicacións políticas do amor defendida por Jara Fuente baséase nos postulados da filósofa Marta Nussbaum.

³⁹ Althoff, Gerd, “Ira Regis: prolegomena to a History of royal anger”, en Rosenwein, Barbara (ed.), *Anger's past: the social uses of an emotion in the Middle Ages*, Nova York, Cornell University Press, 1998, pp. 59-74.

⁴⁰ Lewis, *Kingship and masculinity...*, p. 34.

⁴¹ Lett, *Hommes et femmes au Moyen Âge...*, p. 54. Un exemplo disto pode atoparse na *Crónica de Álvaro de Luna*, na cal o autor alaba ao Condestable porque “la prolongada edad ninguna cosa te ha quitado de tu esfuerzo é de tu virilidad”. *Crónica de D. Álvaro de Luna*, edición de Flores, José Miguel, Madrid, 1784, tit. 99, p. 256.

⁴² Trevisan Bonat, Mariana, “A garda da esposa e a obediencia ao marido: a reciprocidade dos deberes conjugais masculinos e femininos nos tratados do rei Duarte e de Christine de Pisan (sec. XV)”, en *Revista Diálogos Mediterrânicos*, 2016, nº 11, p. 200.

⁴³ Exemplos destas mencións poden atoparse en: D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. XIX, pp.59-62; cap. RIII, p. 147 e p. 150; cap. LRVIII, pp. 305-316.

e nos relatos cronísticos, coma máximos expoñentes do perfecto e recto actuar nas lindes do seu reino e da súa familia, nun intento por reforzar a lexitimidade da nova dinastía, implantada trala crise dinástica que sufrira Portugal entre 1383 e 1385.

1.3.A modelaxe relacional da raíña: entre o estereotipo e a excepción

Estes modelos de comportamento, que empregan o pasado coma repositorio de exemplos virtuosos, xogaban un papel máis activo na constitución das identidades das mulleres, menos individualizadas que as masculinas, ao estar ligadas relacionalmente aos seus pais, maridos, fillos ou irmáns⁴⁴. Estas pautas de comportamento resultaban conxunturais e flexibles segundo o contexto e intereses políticos concretos, o que lle permitiu a mulleres vinculadas ao espazo cortesán, entre elas a propia raíña, a proxección de determinados valores. Isto sería posible a través do exercicio do matronazgo de proxectos culturais, cuxos autores se amparaban nas concepcións da muller do amor cortés para solicitar a protección e lexitimación das súas obras, situando á promotora feminina coma receptora pasiva e idealizada do coñecemento masculino.

Isto pode verse exemplificado na Querela das Mulleres castelá, na cal a raíña María de Aragón interviría brindando o seu apoio á redacción de obras coma “Triunfo de las donas” de Juan Rodríguez de Padrón ou “Defensa de virtuosas mugeres” de Diego de Valera, tratados a través dos cales responder aos textos misóxinos e xerar unha opinión política e “pública” en favor das mulleres⁴⁵. Os modelos femininos utilizados nestas obras actúan nunha lóxica circular, reflectindo e reproducindo normas de xénero inconscientes para a sociedade, ademais de interactuar coa percepción política da raíña, buscando paralelismos entre a literatura e a realidade⁴⁶.

⁴⁴ Didier Lett defende esta postura baseándose en estudos onomásticos, nos cales as fémias acaban reducidas ao rol de “muller de”. Lett, *Hommes et femmes au Moyen Âge...*, p. 55 e p. 58. Esta postura aproxímase á teorización presentada por Almudena Hernando, que fala da existencia dunha “identidade independente” asociada ao masculino, e unha “identidade relacional” asociada ao feminino. Hernando, Almudena, *La fantasía de la individualidad. Sobre la construcción sociohistórica del sujeto moderno*, Madrid, Traficantes de Sueños, 2018.

⁴⁵ Vargas Martínez, Ana, *La Querella de las Mujeres: tratados hispánicos en defensa de las mujeres (siglo XV)*, Madrid, Fundamentos, 2016, p. 108. Esta autora emprega o termo “opinión pública” asociado ao ámbito cortesán, non nun sentido amplo coma o aplicado ás sociedades contemporáneas.

⁴⁶ Olaia, Inês, “O rei que esmorece e a rainha sanhuda: a crise dinástica de 1383-1385 através das emoções nas crónicas de Fernão Lopes”, en *Medievalista*, 2020, nº 27, (data de última consulta: 3 de febreiro de 2024).

Así, os *exempla* recollidos nestes tratados, que actúan nunha lóxica similar aos espellos de príncipes, marcan unha serie de comportamentos estandarizados e ideais, baixo cuxa guía as mulleres poderían cultivar as súas virtudes persoais, e mellorar así o desempeño dos seus labores dentro do seo do matrimonio e do fogar. Por enriba de todas elas, a raíña, en tanto que esposa do rei, era a muller máis destacada do reino e, coma tal, debía encarnar e proxectar unha imaxe de comportamento perfecto, aspirando a ser o modelo feminino superior e vinculándose así á figura da Virxe María.

Deste xeito, en primeiro lugar, a raíña debía amosar as virtudes propias das boas esposas marcadas segundo a doutrina cristiá e continuadas pola tradición. Ao respecto, no seu tratado Diego de Valera continúa os pasos de Séneca e defende que os homes debían buscar nunha muller tres valores para poder consideralas dignas de casar: “riqueza, fermosura, linage”⁴⁷. Pola súa banda, Rodríguez del Padrón plasma na súa obra outras virtudes, coma a limpeza, a honestidade, a piedade, a misericordia, a lealdade, a fidelidade, a paciencia, a humildade, a prudencia, a temperanza e a xustiza, rasgos que enumera nas súas 50 razóns para a defensa da excelencia feminina⁴⁸.

Este autor introduce así algunhas das calidades asociadas aos bos gobernantes, que xa vimos reflectidas no “Leal Conselheiro”, pero que no caso das mulleres ás que Padrón se refire e dirixe, situadas nun estrato social elevado, tamén serían de proveito. Isto exprésase con maior claridade na figura da raíña, que era caracterizada non só coma a compañeira do rei, senón tamén coma a súa conselleira. A raíña complementaría ao rei, fortalecendo a lexitimidade e sucesión do poder de orixe divina, unha autoridade que ambos exercen amparados por unha concepción relacional. Isto afasta ao modelo rexinal da normatividade teórica vixente para a gran maioría das mulleres⁴⁹, pero permitíalle á raíña a práctica e colaboración en tarefas de administración do poder, unha

⁴⁷ de Valera, Diego, “Tratado en defensa de virtuossas mugeres”, en Penna, Mario (ed. lit.), *Prosistas castellanos del siglo XV*, 1959, p. 56. Estes rasgos son semellantes ás características que, nas súas Sete Partidas, Afonso X afirmaba coma as necesarias para calquera muller que fose casar: fermosura, riqueza, rectos costumes e boa liñaxe.

⁴⁸ Rodríguez del Padrón, Juan, *Triunfo de las donas y cadira de onor*, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, (última data de consulta: 8 de abril de 2024). No texto, estas calidades femininas aparecen enumeradas nas seguintes razóns: 10, 16, 18, 19, 21.

⁴⁹ Pelaz Flores, Diana, “Con ánimo viril. Expresiones de una feminidad plural a través de la figura de la reina en la historiografía castellana (ca. 1252-1474)”, en *e-Spania* (en liña), 2022, n° 42, (data de última consulta: 5 de febreiro de 2024).

capacidade que podía exercer grazas á proximidade física co seu marido. Á súa vez, as mulleres receptoras destes modelos, ante a superioridade moral dos mesmos, tenderían a verse inferiores, aceptando a súa posición subordinada nas xerarquías de xénero⁵⁰; é así coma o aparato simbólico actúa coma un instrumento de control das identidades.

En todo caso, o debate arredor da caracterización das identidades femininas, que supuxo a discusión da moralidade e natureza das mulleres, iniciouse precisamente a raíz do tratado de Rodríguez del Padrón, quen defenderá con maior rotundidade argumental ás mulleres. Así, no “Triunfo de las donas” o seu autor resalta a sabedoría feminina grazas aos exemplos de Minerva e Nicóstrata, explicando que “si algunas (*mulleres*) carecen de las ciencias, esto es por envidia que los onbres ovieron de su grand soteza”⁵¹. É dicir, a educación das mulleres en ciencias non dependería da súa menor capacidade intelectual, senón das limitacións impostas polos homes, algo que Padrón apunta pero sen chegar a defender necesariamente o establecemento dunha educación igualitaria.

Froito da manifestación pragmática desta sabedoría, aparecen a prudencia e a discreción, virtudes que farían ás mulleres non só totalmente aptas para o exercicio do goberno político, senón incluso máis dispostas: “todo cuerpo más liso, más sentible et más delicado, es más soutil et más enseñable, e por consiguiente mejor dispuesto por regir et saber gobernar.”⁵². A pesares de que estas virtudes debían adquirirse pola súa práctica habitual, e nun intento por redimir a liñaxe de Eva, Rodríguez del Padrón expón a excelencia feminina coma resultado da composición corporal da primeira muller, “criada del medio et non de los extremos del onbre; commo en el medio sea la virtud, a la más noble morada del ánima, que es el corazón”⁵³. Parello ao exercicio destas virtudes, as raíñas destacan polo seu papel coma intercesoras e mediadoras en favor da paz e do ben común do reino, seguindo os pasos de exemplos bíblicos coma Esther, ou da Virxe María coma intermediadora dos pecadores. A través da súa influencia, a raíña

⁵⁰ Von Veen, Manon, “La mujer en algunas defensas del siglo XV”, *Medioevo y literatura: actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, vol. IV, 1995, p. 471.

⁵¹ Rodríguez del Padrón, *Triunfo de las donas...*

⁵² *Ibid.*

⁵³ *Ibid.*

era aquela encargada de atemperar os ánimos violentos do seu marido, nun acto de amor e bo consello para cos intereses do seu rei e reino, que debían ser tamén os dela.

Este desexo de servir con dedicación ao marido aparece plasmado na obra “Defensa de las virtuosas mugeres” de Diego de Valera, a través de exemplos de mulleres pasivas e vítimas que se sacrifican polo amor dos seus maridos, e que carecen da coraxe política que emanaban os modelos enunciados por Rodríguez de Padrón⁵⁴. Segundo esa crenza interiorizada na inferioridade feminina que reproduce Valera, as “mugeriles blanduras” e “mugeriles temores”⁵⁵ explicarían o carácter naturalmente emocional das mulleres, con maior tendencia á expresión do rogo e do pranto. Estas lágrimas de “femenil costunbre”⁵⁶ podían expresarse coma unha mostra de amor pola ausencia ou morte do marido, que requiría tamén dunha certa honestidade e restrición.

Vinculada a esa capacidade de influencia da raíña, atópase a súa faceta maternal, fundamental nos modelos estandarizados femininos, en tanto que garante da sucesión do poder, reforzándose así tamén a propia autoridade e lexitimidade da raíña. Ela debía ser a encargada do coidado e educación dos seus fillos, ata os sete anos de idade no caso dos varóns, a pesares de que a proximidade e influencia da raíña podía detectarse tamén durante a súa adultez. Ao respecto, Rodríguez del Padrón argumenta que a obriga dos varóns a amar e defender a honra das mulleres deriva en parte desa relación materna: “mayor afeccción se deve a la muger que al varón traher (...) por ser toda razonable criatura de la madre, naturalmente más amada (...) por ser más çierta del maternal debdo”⁵⁷.

Co obxectivo de salvagardar a lexitimidade dos dereitos dinásticos deses fillos, a castidade era outra das virtudes chave para o mantemento da moralidade, que debían practicar tanto homes coma mulleres mediante a continencia do pracer sexual, incluso coa limitación dos encontros sexuais dentro do matrimonio. Refléctese aquí unha

⁵⁴ Serrano, Florence, “Del debate a la propaganda política mediante la Querrela de las Mujeres en Juan Rodríguez del Padrón, Diego de Valera y Álvaro de Luna”, *Talia dixit*, 2012, vol. 7, p. 105.

⁵⁵ de Valera, “Tratado en defenssa...”, notas nº 12 e 13, p. 66.

⁵⁶ *Ibid.*, nota nº 25, p. 68.

⁵⁷ Rodríguez del Padrón, *Triunfo de las donas...* Neste fragmento alúdese ao termo “debdo”, que nas Sete Partidas, aparece explícitamente vinculado ao amor, coma unha expresión complexizada do mesmo que reforza a proximidade afectiva de ambas partes, por motivos emocionais ou materiais. Jara Fuente, “Con grande amor e lealtad...”, p. 157.

concepción do amor carnal vinculada ao pecado, coma podemos observar a través da definición do sentimento amoroso que realiza Diego de Valera na súa obra, baseándose en Aristóteles⁵⁸. Neste sentido, a tradición de orixe patrística consideraba que a muller presentaba unha maior tendencia á luxuria e, en consecuencia, resultaba unha ameaza para alcanzar a salvación, o que xustificaba o maior control insistido sobre a castidade feminina. Por tanto, a castidade tiña especiais implicacións para o modelo rexinal, posto que a virxindade era unha virtude que aproximaba á raíña aínda máis á santidad.

Así, estes tratados profemininos recollen modelos femininos que tentan protexer a súa virxindade a toda costa, e con ela a súa nobreza, limpeza e valor, coma vemos en casos coma o de Lucrecia ou María Coronel, aos que tamén alude Diego de Valera⁵⁹. Deste xeito, as mulleres non aparecen nestas obras só coma culpables da tentación, senón tamén coma vítimas, que debían exercitar as súas virtudes eludindo as tentacións e enganos tendidos por algúns varóns, segundo advirte Rodríguez del Padrón: “¿Et qué acto más fuerte que resistir, segund resisten con pura virtud a la influencia de los cuerpos celestiales, a las falsas lágrimas, et a la fuerza del piadoso estilo del sutil et bien compuesto hablar del engañoso amante?”⁶⁰.

Pola súa banda, Valera destaca os exemplos de virxes cristiás, que “virilmente sufrieron martirio”⁶¹ por defender a súa virxindade, un acto cualificado coma masculino ao igual que as capacidades guerreiras e de goberno desenvoltas por outros modelos femininos, coma Tamaris, Penthesilea, Minerva, Dido ou Semínaris, que aparecen en xeral nestes tratados profemininos. Neste sentido Valera pregúntase o seguinte: “¿Qué demandamos a las mugeres? Por cierto más virtudes por su diligencia han ganado que la natura les otorgó”⁶². Para Núria Silleras-Fernández, a resposta sería que as mulleres fosen máis masculinas, para superar a inferioridade propia dos seus corpos mediante a performatividade de virtudes e rasgos considerados superiores, masculinos e necesarios

⁵⁸ de Valera, “Tratado en defensa...”, p. 76.

⁵⁹ Segundo este autor, a honra das mulleres debía ser protexida posto que defendían con maior forza a súa castidade. de Valera, “Tratado en defensa...”, p. 58. Este exemplo de María Coronel é un dos poucos referidos a mulleres case coetáneas ao autor e destaca ademais pola carga emocional do seu relato.

⁶⁰ Rodríguez del Padrón, *Triunfo de las donas...*

⁶¹ de Valera, “Tratado en defensa...”, nota nº 45, p. 71.

⁶² *Ibid.*, p. 58.

para o bo goberno⁶³; así, seguindo a teoría aristotélica, toda natureza tendería á perfección. Os comportamentos virilizados, aínda que non se axustaban propiamente ao modelo hexemónico, non estaban mal consideradas nin supoñían unha subversión dos roles, sempre e cando estes actos tiveran lugar en ausencia dun varón, se dirixisen en favor do ben común, e non derivasen en desorde e tiranía⁶⁴.

En todo caso, estes modelos, lonxe de ser deterministas, flutuán en paralelo ao seu contexto e á manifestación práctica dos mesmos, de tal xeito que estas pautas reflicten as virtudes ideais e reproducen realidades coas que poder identificarse. Deste xeito, os *exempla* empregados nos tratados de Rodríguez del Padrón e Valera son instrumentos de propaganda política, nun contexto de especial conflictividade interna: mentres Padrón tenta inspirar a faceta de María de Aragón coma gobernante, Valera pretende instar ao rei Xoán II a que tome conciencia das súas obrigas políticas, ante o cal a raíña debía responder de maneira sacrificada e deter as súas intromisións⁶⁵.

2. A performatividade dos modelos de xénero: das sintonías da parella rexia ás perturbacións do corpo político da monarquía

Mentres que as masculinidades e feminidades plasmadas nas obras e tratados aparecen coma modelos de conducta arquetípicos e perfectos, as crónicas ofrecen unha perspectiva máis plural, permitíndonos seguir o rastro desas pautas estandarizadas, pero tamén aquelas condutas que se desviaban destas normas⁶⁶. Deste xeito, as crónicas supoñían tamén un interesante instrumento de educación política da comunidade, polo que nelas as expresións emocionais, de poder ou de xénero tendían a normativizar os comportamentos⁶⁷. A atención a estes relatos políticos baixo unha perspectiva de xénero posibilita a interpretación da relación entre os mecanismos do poder político e as

⁶³ Silleras-Fernández, *The politics of emotion ...*, p. 53.

⁶⁴ Pelaz Flores, “Con ánimo viril...”.

⁶⁵ Serrano, “Del debate a la propaganda...”, p. 107.

⁶⁶ Pelaz Flores, “Con ánimo viril...”.

⁶⁷ Foronda, François, “El miedo al rey: fuentes y primeras reflexiones acerca de una emoción aristocrática en la Castilla del siglo XIV”, en *e-Spania* (en liña), 2007, vol. 4, (data de última consulta: 20 de abril de 2024).

identidades, nun contexto peninsular conflitivo, no cal as actuacións rexinais poderán resultar máis visibles⁶⁸ ao igual que a presenza desa “política sexual”⁶⁹.

2.1. O rei coma suxeito dunha masculinidade plural

En períodos tan convulsos coma os que estaba a atravesar Castela, que vive a sucesión de varios reis de fráxil poder, e Portugal, en proceso de lexitimación dunha nova dinastía, o comportamento do monarca resultaba ser unha cuestión de especial preocupación, que podería servir de termómetro da situación política, nun período no cal o destino do reino se apoiaba máis ca en tempos pasados nunha concepción persoal e carismática do poder⁷⁰. Polo tanto, calquera disonancia política podería percibirse tanto pola súa expresividade emocional, que actuaba coma unha ferramenta de comunicación política, coma por medio da súa relación coa raíña.

Neste sentido, o amor e amizade existentes entre o rei, a súa cónxuxe e os seus súbditos resultaban expresións convencionais e ritualizadas, a través das cales confirmar o mantemento dos roles e funcións de cada un. Esta normatividade é posible detectala en maior medida reflectida a través do exemplo de D. Duarte, rei cargado de virtudes e interesado na introspección e reflexión persoal, un trazo do seu carácter que tería na súa tendencia á tristeza, que sufriría dende xoven, un reverso negativo e debilitador da súa imaxe. Así, no capítulo XIX do “Leal Conselheiro”, D. Duarte describe como sufriu do humor melancólico cando o seu pai João I lle encargou unha serie de asuntos governativos que non lle pracían, un trance do que só saíría grazas á súa nai dona Filipa⁷¹. Ao compartir esta experiencia, o monarca buscaba consolar e insuflar

⁶⁸ Precisamente para aludir a esta cuestión, adoita empregarse o concepto “Queenly time”, acuñado por Louis O. Fradenburg para facer referencia a aquelas circunstancias difíciles que permitirían as mulleres destacar coma axentes políticos, o que fai posible un mellor estudo destas figuras, que noutros momentos terían pasado desapercibidas. Pelaz Flores, Diana, “Queenly Time in the Reign of Juan II of Castile (1406-1454)”, en Woodacre, Elena (ed.), *Queenship in the Mediterranean. Negotiating the Role of the Queen in the Medieval and Early Modern Eras*, Nova York, Palgrave Macmillan, 2013, pp. 179-180.

⁶⁹ Weiss, Julian, “¿Qué demandamos de las mujeres? Forming the debate about women in late Medieval Spain (with a Baroque response)”, en Fenster, Thelma, e Lees, Clare (eds.), *Gender in debate from the Early Middle Ages to the Renaissance*, 2002, p. 239.

⁷⁰ Olaia, “O rei que esmorece...”.

⁷¹ D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. XIX, pp. 59-62. Esta mención a dona Filipa pode non ser casual: nun episodio narrado na crónica de Fernão Lopes, esta raíña tería logrado sanar ao seu marido João I, que contraera unha perigosa enfermidade, grazas aos seus intensos rezos á Virxe María, dotándose case dunha aura taumátúrxica e santa, conforme á imaxe modélica que este cronista pretendía crear da raíña. Oliveira

esperanza a todas aquelas persoas que tamén estivesen a sufrir tristeza, actuando coma un “médico da mente”, un termo asociado á nova concepción do duelo que xurdiría co Renacemento⁷². Esta pena, expresada dende o autocontrol e a aceptación, amosaba sensibilidade e refinamento⁷³, en tanto que, como afirma D. Duarte, pode “acender” ao home en busca da perfección e a contemplación da benaventuranza⁷⁴.

Non obstante, en caso de que esta melancolía non fose regulada pola temperanza e a prudencia, esta non só pode desembocar no pecado, senón que ademais suporía unha perturbación para a monarquía. É por este motivo polo que, trala morte de João I, o confesor real lle recordaría ao novo rei Duarte que, de continuar coas súas fortes lágrimas, un xesto máis propiamente feminino, podería esquecerse que “o sceptro real já o chamava”, instándoo a que cesase e atemperase a súa tristeza para poder atender correctamente aos asuntos do goberno⁷⁵. A pesares disto, na crónica recóllense varios episodios nos que se describe a tristeza do rei coma un xeito de comunicar a súa desconformidade, en lugar de recorrer ao recordo do temor e o perigo do desamor, ou a un discurso de ira xustificada. Deste xeito, o descontento popular polas campañas no norte de África “feriam a alma d’El-Rei com muita tristeza”⁷⁶, un sentimento que tamén manifesta trala noticia do apresamento do infante Fernando nesta empresa militar⁷⁷. En todo caso, o emprego da tristeza no seu relato dálle a posibilidade ao cronista Rui de Pina, xa en tempos de Manuel I, de describir a D. Duarte coma un antimodelo de rei, débil e influenciábel fronte á súa muller, que non cumpriría cos estándares de virtuosidade de João I⁷⁸, se ben sabemos que debeu de tratarse dun monarca activo e preocupado.

Aquí, esta tristeza aparece coma unha das respostas posibles ante a perturbación acontecida, en maior ou menor medida, nesa relación xerárquica e interdependente,

Serrano, César, “Felipa y Catalina de Lancaster: religiosidad y relato historiográfico”, en *Anuario de Estudios Medievales*, 2016, vol. 46, nº 1, p. 366.

⁷² Silleras-Fernández, Núria, *The politics of emotion...*, p. 61 e p. 73.

⁷³ *Ibid.* pp. 63-64.

⁷⁴ D. Duarte, *Leal Conselheiro...*, cap. XVIII, p. 18.

⁷⁵ de Pina, *Chronica d’El-Rei D. Duarte ...*, cap. I, p. 20.

⁷⁶ *Ibid.* cap. XIV, p. 68.

⁷⁷ *Ibid.* cap. XLII, p. 144.

⁷⁸ Rodrigues S. A., Ana María, “Las regencias femeninas en los reinos ibéricos medievales: ¿fue el caso portugués una singularidad?”, en *Anuario de Estudios Medievales*, 2016, vol. 46, nº 1, p. 304.

establecida dende o binomio amor-temor. Neste sentido, o enfado, o “enojo” e a ira, sen que estas produzan unha resposta normativa nos receptores desa emoción, poden tamén servir coma indicios dalgún tipo de disfuncionalidade. Lonxe de ser emocións opostas, segundo describe novamente D. Duarte, o enfado pode estar xerado por unha tristeza “mal ordenada” ou por actuar en contra da vontade dun mesmo, algo que tamén podería expresarse corporalmente, ao igual que coa tristeza⁷⁹. En definitiva, ambas expresións poderían interpretarse coma unha carencia de fortaleza, temperanza e prudencia, que en caso de aparecer de forma non convencional, suxerían problemas do rei para gobernar.

Este uso disfuncional e ineficaz da ira podemos velo reflectido a través da figura de Xoán II de Castela, que ao longo da crónica de Pérez de Guzmán aparece vinculado á emoción do “enojo” en varias ocasións. A través desta expresión semella manifestar o seu descontento fronte a un acto cometido en contra dos seus desexos, pero que non é suficientemente forte coma para xerar temor, respecto e obediencia, tanto ante a súa familia, coma fronte ao reino no seu conxunto, o que redunda na súa caracterización coma un rei débil e sometido a vontades alleas.

Un exemplo significativo disto podemos atopalo nun encontro desenvolto en 1429 entre Xoán II e a súa irmá María de Castela, despois de que esta tivera mediado e evitado o enfrontamento bélico entre os exércitos aragoneses, navarros e casteláns, colocando a súa tenda no medio do campo de batalla. A raíña de Aragón xustifica a súa intervención ante o seu irmán apelando ao amor que sentía por el, polo que o seu acto “no avia sido con intención de lo injuriar ni enojar, mas de le servir”, conforme á súa capacidade rexinal de pacificación⁸⁰. Mentres choraba “con grandes lagrymas”, María de Castela “le pedía por merced quisesse templar su yra y mirar su grandeza y no querer destruyr al Rey su señor y su marido [*Afonso V*]”⁸¹, unha petición á cal Xoán II non cede, baseándose nos “enojos” que o rei de Aragón e os seus irmáns os infantes de Aragón lle tiñan causado. Ante esta resposta, en lugar de sumisión, dona María expresa

⁷⁹ D. Duarte, *Leal Conselheiro*, cap. XXIII, p. 72.

⁸⁰ Para unha análise máis profunda da tarefa de intermediación levada a cabo pola raíña María de Castela, consultar: García Herrero, María del Carmen, “María de Castilla, reina de Aragón (1416-1458): la mediación incansable”, *e-Spania* (en liña), 2015, nº 20.

⁸¹ Pérez de Guzmán, *Crónica de Juan II...* cap. 127, p. 121.

o seu descontento e diríxese a algúns dos membros do consello real, “diziendoles muy asperas y duras palabras, mostrando como ello provocavan al rey su señor y su hermano atanta saña y enojo quanta tenía”⁸².

Preséntase así a Xoán II coma un monarca controlado polos seus conselleiros, en especial polo seu privado Álvaro de Luna, co que mantiña unha relación de especial dependencia dende a súa tenra infancia, coma se exalta interesadamente na crónica do Condestable, na que se afirma que o príncipe se entristecía durante as ausencias de don Álvaro⁸³. Segundo aparece noutros relatos cronísticos coma o de Pérez de Guzmán, este vínculo afectivo entre rei e privado puido establecerse grazas ás circunstancias nas que se desenvolveu a minoría de idade de Xoán II, marcada pola conflitiva rexencia exercida por Fernando de Antequera e a súa nai Catalina de Lancaster. Esta tería criado ao seu fillo “tan apretadamente y en tan gran encogimiento”⁸⁴, o que segundo estas narrativas tería tido implicacións negativas para a formación da masculinidade do rei, quen tería tomado o mal exemplo da súa nai, descrita tamén coma unha persoa sometida aos seus conselleiros, cargada de vicios e incapaz de regular os seus desexos e emocións. En consecuencia, Xoán II é descrito por parte da historiografía da época coma un hedonista e cobizoso, un monarca máis preocupado polas actividades cortesás, que o levaban a despreocuparse do goberno do reino, que deixou ao cargo da privanza⁸⁵.

Así, as atribucións e poderes de Álvaro de Luna foron aumentando, en base á crecente confianza depositada por Xoán II, un forte vínculo representado nos relatos da época coma fonte dun especial e mesmo estraño amor, que causaba envexa e celos entre outros membros da corte⁸⁶. Estas emocións son indicadores empregados a nivel textual que apuntan o carácter desviado desta amizade e a alteración que estaba a causar a intromisión do privado. Así, Álvaro de Luna interferiría na relación da parella rexia, ao apoderarse da posición de cercanía privilexiada que lle correspondía á raíña, logrando separala do rei ata tal punto que se afirma que o privado controlaba e mesmo prohibía

⁸² *Ibid.*, cap. 132, p. 318. Estes feitos aparecen reflectidos e xustificados en: *Crónica de D. Álvaro de Luna...*, tit. 22, p. 74.

⁸³ *Crónica de D. Álvaro de Luna...*, tit. 5, p. 13.

⁸⁴ Pérez de Guzmán, *Crónica de Juan II...* cap. 272, p. 99.

⁸⁵ Pérez de Guzmán, Fernán, “Generaciones y semblanzas”, en Pérez de Guzmán, Fernán, *Crónica del serenissimo rey don Juan Segundo...*, cap. 33, p. 312.

⁸⁶ Un exemplo pode atoparse en: *Crónica de D. Álvaro de Luna...*, tit. 39, p. 123.

encontros íntimos entre a parella, desestabilizando así toda a carga política e simbólica que posuía esta unión matrimonial, coma xa comentamos. Ademais, o privado tamén se encargaría de enmudecer calquera voz contraria ao seu poder, incentivando discordias entre nobres e colocando a membros da súa estrita confianza no consello real. Estas persoas eran consideradas polos detractores de D. Álvaro coma “estranxeiras”, ao igual que el, por ser de orixe allea á corte ou contrarios ao ben común do reino, interesados só no seu beneficio persoal⁸⁷.

A nivel da súa representación e comunicación emocional, estes actos cometidos polo privado provocaban o odio da nobreza, ante a imposibilidade de poder acercarse ao seu rei, o que deriva nunha emoción especialmente perigosa para a unidade política e a estabilidade: o desamor. Este non sería inducido polo temor ao rei, senón que aparece coma causa e efecto da aplicación dunha política do medo e espanto por parte de Álvaro de Luna, na que se basea a súa cualificación coma tirano e, con ela, a ilexitimidade do seu poder. O Condestable exercería esta autoridade de maneira cobizosa, soberbia, desleal, despótica e maligna, finxindo as súas emocións⁸⁸ e esquecéndose do temor debido a Deus e ao seu rei, de quen se cría a nivel popular que estaba sometido ao seu privado por acción dalgún feitizo máxico⁸⁹.

Neste sentido, a apelación ao medo desatado polo Condestable é empregada para acusar ao mesmo de someter ao rei e xustificar a resistencia ao seu poder; así tiranía e medo aparecen coma expresións propagandísticas plasmadas nos discursos políticos para lexitimar a oposición da aristocracia e o seu desexo de negociar para o regreso dun poder rexio normativo, baseado no binomio positivo e regulado amor-temor⁹⁰. Segundo Nieto Soria, esta caracterización tiránica de Álvaro de Luna podería considerarse unha mostra da bidireccionalidade da comunicación política: a acusación de tiranía circularía

⁸⁷ Pérez de Guzmán, *Crónica de Juan II...*, cap. 301, pp. 196-197.

⁸⁸ Na *Crónica de Álvaro de Luna* (tit. 115, p. 311), descríbese o triste pranto do Condestable ante a morte de Alonso Pérez de Vivero, mandado asasinar por el mesmo tras tentar conspirar na súa contra, o que nos amosa o finximento de emocións coma un instrumento político, reflectido nesta crónica de maneira veraz intencionalmente. Segundo os valores da época, “non es dado nin conviene á la persona prudente manfiestar nin mostrar por exteriores muestras las turbaciones é movimientos del ánimo suyo”. *Crónica de D. Álvaro de Luna...*, tit. 86, p. 226. É dicir, era axeitado controlar, temperar e mesmo agochar as emocións máis fortes, pero o feito de finxilas cunha mala intención era algo execrable e sinónimo de deslealdade e falta de honestidade.

⁸⁹ Pérez de Guzmán, *Crónica de Juan II...*, cap. 301, p. 197.

⁹⁰ Foronda, “El miedo al rey...”.

dende o espazo aragonés ata a corte e a nobreza inferior castelá⁹¹. Así, podemos tamén interpretar mensaxes coma as transmitidas por Diego de Valera, quen, coma vimos xa a través do seu tratado vinculado á Querela das Mulleres, buscaba inspirar ao rei para que recordase os deberes que supoñía o seu poder coma rei, e adoptase unha postura política activa, algo tamén plasmado nas aparicións de Valera na crónica de Pérez de Guzmán⁹².

Obsérvase aquí unha relación entre o estatus de Álvaro de Luna e a percepción da masculinidade de Xoán II transmitida polas crónicas: o corpo político do rei aparece vinculado a unha persoa allea ao seu corpo natural, que aparece coma un axente pasivo, débil, vicioso, incapaz de controlarse, de eludir as malas influencias e de facerse obedecer, en definitiva, efeminado. Ante a incapacidade do monarca de adoptar unha virilidade forte, Pérez de Guzmán afirma o seguinte: “muerto el condestable, el rey se quedó en aquella misma remission y negligencia, que primero ni hizo auto alguno de virtud, ni fortaleza en que le mostrasse mas ser hombre”⁹³. O axustizamento do privado, ordenado en 1453 polo propio Xoán II, lonxe de presentar ao monarca coma vitorioso fronte á tiranía, emprégase dende a cronística para evidenciar a súa imperfecta masculinidade. O rei sufriría tristeza a pesares do gran desamor que tería crecido contra don Álvaro, emoción que sería esgrimida coma a causa da súa propia morte: “lo mandando matar, se puede, con verdad decir se mató á sí mismo (...) trayéndole á continua memoria la grand crueldad de que usó”⁹⁴.

2.2. A actuación rexinal: da normalidade política á alteración e inversión de roles

Estes exemplos permiten percibir os procesos discursivos de construción da identidade masculina do rei en relación con outras, especialmente coa raíña, pola súa unión matrimonial, política e simbólica. En consecuencia, calquera disfunción que sufra o monarca podería desembocar nunha participación máis activa da súa esposa, unha desviación que nos relatos cronísticos é detectable na inversión dos roles dos membros da parella⁹⁵.

⁹¹ Nieto Soria, José Manuel, “Álvaro de Luna tirano. Opinión pública y conflicto político en la Castilla del siglo XV”, en *Imago Temporis. Medium Aevum*, 2017, vol. IX, p. 507.

⁹² Pérez de Guzmán, *Crónica de Juan II...*, cap. 4, pp. 206-207.

⁹³ Pérez de Guzmán, “Generaciones y semblanzas” ..., cap. 33, pp. 313-314.

⁹⁴ *Crónica de D. Álvaro de Luna...*, tit. 128, pp. 381-382.

⁹⁵ Pelaz Flores, “Con ánimo viril...”.

Deste xeito, acompañando ás figuras de D. Duarte e Xoán II, as irmás Leonor e María de Aragón tiveron que proxectar e acomodar identidades políticas diferentes, conforme ás circunstancias e conflitos intrínsecos de cada reino, así coma ás aspiracións e proxectos dos infantes de Aragón. Así, mentres dona Leonor optou por presentarse coma unha infanta aragonesa, para dona María resultaba máis pertinente ser percibida coma castelá⁹⁶, unha imaxe política que comezará a perfilarse dende as celebracións das súas respectivas vodas. Por unha banda, a unión entre Xoán II e María de Aragón tivo lugar en 1420, nun difícil contexto marcado polo “atraco de Tordesillas”, protagonizado polos desexos do infante Enrique de Aragón por facerse co control da corte⁹⁷. Pola contra, a parella conformada por D. Duarte e Leonor de Aragón contraerá nupcias en 1428 no convento de Santa Clara de Coimbra. Este era un espazo vinculado á raíña Santa Isabel, polo que coa súa escolla se fortalecía a vinculación de dona Leonor á dinastía aragonesa e a un modelo de santidad rexinal⁹⁸.

A partires de entón, ambas raíñas adoptaron o modelo de comportamento propio e normativo das consortes, coma compañeiras leais ao seu rei e marido, encargadas dos labores propios da maternidade e o mecenazgo, sen apenas peso nos relatos das crónicas máis aló de mencións aos seus encontros co soberano, os seus partos ou intervencións de tipo pacificador. Seguindo o modelo da súa nai Leonor de Albuquerque, estas raíñas exerceron a súa influencia coma mediadoras, pero sen chegar a participar activamente de ningún conflito, a pesares de simpatizar co bando dos infantes de Aragón. Vemos así, por exemplo, a dona María, acompañada pola infanta Catalina de Castela, empregando os seus recursos emocionais para evitar que Enrique de Aragón acudise a unha batalla; vincúlense aquí as súas lágrimas, coma reflexo da súa alma, co seu corpo: “vinieron (...) a muy gran priessa a pie por los lodos, desacompadas y mal vestidas, y muy ahincadamente con grandes voces llorando traxeron del infante rogandole mucho”⁹⁹.

⁹⁶ Rodrigues S. A., Ana María, “The queen consort in Castile and Portugal: María de Aragón (b. 1403-d.1445), Queen of Castile, and Leonor de Aragón (b.1405/1408-d.1445), Queen of Portugal”, en Roe, Jeremy e Andrews, Jean (eds.), *Representing women's political identity in the Early Modern Iberian world*, Londres, Routledge, 2020, pp. 243-244.

⁹⁷ Álvarez Palenzuela, Vicente Ángel, “María, infanta de Aragón y reina de Castilla”, en *Estudos em homenagem ao professor doutor José Marques*, 2006, vol. 4, pp. 351-352.

⁹⁸ Rodrigues S. A., *As tristes rainhas...*, p. 71.

⁹⁹ Pérez de Guzmán, *Crónica de Juan II...*, cap. 309, p. 75.

Así, tanto Leonor coma María de Aragón contarían cunhas certas cotas de poder, segundo correspondía ao seu estatus de consortes, lexitimadas pola súa proximidade e amor co rei, unha relación baseada nun vínculo emocional de ton político e ritualizado. Este amor manifestaríase institucionalmente en cuestións coma a itinerancia coordinada de rei e raíña, ou a través de fórmulas diplomáticas que aluden a ese afecto, sentimento que como vimos implicaba tamén outros valores coma a obediencia e a lealdade. Dende ese amor Rui de Pina describe o papel de conselleira desempeñado por dona Leonor, quen tería intentado exercer a súa influencia sobre D. Duarte¹⁰⁰. Non obstante, segundo o cronista, Leonor de Aragón si lograría convencer ao seu marido para que apoiase o cerco á cidade de Tánxer, movida a raíña polo amor e capacidade de persuasión do infante Henrique, cuxo apoio consideraba de utilidade: “a Rainha vendo-se estrangeira (...) estimou por muito seu interesse e segurança haver para si o coração do Infante D. Anrique, a que para isso respondia igualmente com obras e virtuosos signaes de amor”¹⁰¹.

Co fin de atraela á súa causa, apélase ao rol de intercesora da raíña en favor de terceiros e, neste caso, pretendidamente en favor da honra do reino, unha idea que o infante reforza apelando á súa nai dona Filipa coma modelo a seguir por dona Leonor¹⁰². Deste xeito, Rui de Pina replica a imaxe da primeira raíña da dinastía Avis, creada nas crónicas de Fernão Lopes por impulso de D. Duarte, co obxectivo de asentar a lexitimidade e imaxe moralmente perfecta da nova familia rexia, na cal Filipa de Lancaster aparece coma unha raíña estereotipada e case dotada de santidade, en contraposición aos antimodelos rexinais construídos sobre as figuras de Inés de Castro ou Leonor Teles¹⁰³.

Preludiando a súa denigración posterior, segundo o cronista, Leonor de Aragón aceptaría a solicitude do infante Henrique recoñecendo a “natural fraqueza de meu

¹⁰⁰ Rodrigues S. A., Ana Maria, “*Polla raynha Dona Lionor mjnha molher que sobre todas amo e preço*. D. Duarte e D. Leonor de Arag4ao: uma parceria aquem e alem-túmulo”, en Barreira Fernandez, Catarina e de Seixas Metelo, Miguel (coords.), *D. Duarte e a súa época: arte, cultura, poder e espiritualidade*, Lisboa, Instituto de Estudos Medievais da Universidade Nova de Lisboa, e CLEGH da Universidade Lusíada de Lisboa, 2014, p. 77.

¹⁰¹ de Pina, *Chronica d’El-Rei D. Duarte...*, cap. 12, pp. 59-60.

¹⁰² *Ibid.* cap. 12, p. 60.

¹⁰³ Oliveira Serrano, “Felipa y Catalina de Láncaster...”, p. 364.

entendemento”¹⁰⁴, un trazo impropio dos bos e leais conselleiros, que a levaría a guiar ao rei cara un completo desastre militar. Deste xeito advértense dos perigos dun amor que, de medrar demasiado, cega o bo entendemento e debilita ao rei, que neste caso aparece presionado polos seus irmáns, pero en especial pola súa muller. O cronista apunta contra Leonor de Aragón coma responsable da derrota en Tánxer, así coma da morte do rei en 1438, froito da tristeza e culpa que sentiu por terse guiado en contra da súa razón¹⁰⁵, coma unha vítima dos efectos nocivos do amor. Se ben na realidade don Duarte tería motivos propios suficientes para apoiar esta campaña militar, e a súa morte se tería debido á peste, Rui de Pina aproveita este feito para retratar a un monarca débil e triste fronte a unha raíña cobizosa e manipuladora¹⁰⁶.

En todo caso, D. Duarte certificaría o seu amor e confianza na súa esposa a través do seu testamento, no cal lle outorgaba a rexencia e a custodia dos seus fillos. En correspondencia co amor debido ao seu marido e “por cumprir o que devia e lle era encomendado”, a raíña xa viúva expresaría a súa tristeza con profundas lágrimas e vestindo de luto¹⁰⁷. Ademais, Leonor de Aragón mesmo pasaría a asinar documentos coma “a tryste rainha”, un título convertido nunha tradición propia das raíñas viúvas Trastámara, sendo empregado por Catalina de Lancaster, Leonor de Albuquerque, Joana III de Nápoles ou Germana de Foix¹⁰⁸, se ben esta sinatura tamén se testemuña en casos de aristócratas viúvas, coma os exemplos galegos de María de Ulloa e Teresa de Zúñiga¹⁰⁹. Estas expresións modélicas de tristeza permitiríanlle a estas mulleres xerar un sentimento de conmoción e proxectar unha imaxe humilde e indefensa delas mesmas, que para algunhas podería resultar interesante a nivel político. Da viúva agardábase que manifestase a súa debilidade, na que quedara trala morte do rei, a través de choros

¹⁰⁴ de Pina, *Chronica d’El-Rei D. Duarte...*, cap. 12, p. 62.

¹⁰⁵ *Ibid.* cap. 43, p. 149.

¹⁰⁶ Rodrigues S. A., *As tristes rainhas...*, p. 129.

¹⁰⁷ de Pina, *Chronica d’El-Rei D. Duarte...*, cap. 44, p. 151.

¹⁰⁸ Rodrigues S. A., *As tristes rainhas...*, p. 16; e Silleras-Fernández, *The politics of emotion...*, pp. 80-81.

¹⁰⁹ García-Fernández, Miguel, “Doña Aldonza de Mendoza y las mujeres de la nobleza finimiedieval: *fazedoras* de palabras ¿y escrituras?” en Almeida, Belén; Pichel, Ricardo, e Vázquez Balonga, Delfina (eds.), *Escritura en mano de mujeres en el ámbito hispánico de la Edad Media a la Modernidad*, Madrid, Sílex, 2022, pp. 67-69.

incontrolables, que a acercaban á imaxe da santidade e da Virxe María¹¹⁰. Así a raíña participaría das cerimoniais de duelo da monarquía, que permitían escenificar e consolar a tristeza da comunidade e dos membros da familia rexia, marcando o paso do corpo político do rei cara un novo corpo natural.

Coa morte do seu marido, dona Leonor vería mudado por completo o seu estatus ao converterse en rexente de Portugal, pouco tempo despois dun feito que tamén tería cambiado o papel político da súa irmá María de Aragón. En 1437, tras verse forzada por Xoán II a ceder a fortaleza da Puebla de Montalbán ao privado Álvaro de Luna, dona María comezaría a apoiar máis abertamente as posturas dos infantes de Aragón¹¹¹. Se ben a súa actuación é narrada polos cronistas cunha case nula expresividade emocional, destacará pola alteración das pautas de comportamento rexinal, sen chegar nunca á transgresión, unha conducta reflectida nos relatos cronísticos na separación física da parella rexia e a falta de sintonía entre ambos, coma se evidenciou na voda do futuro Henrique IV con Blanca de Navarra en 1437¹¹². Ante un enlace matrimonial que non era do seu agrado, Xoán II manifestou o seu “enojo” cando dona Blanca é conducida á cámara de María de Aragón, nun acto a través do cal se proxecta esa desharmonización da parella¹¹³ e a incapacidade do débil rei de impoñer a súa vontade, incluso sobre o seu propio fillo, que se vería atraído pola súa nai en contra de Álvaro de Luna. Apoiada por modelos de mulleres virilizadas recollidos nos tratados da Querela das Mulleres, María de Aragón converteríase nunha especie de líder simbólica do bando aragonés, actuando coma intermediaria xunto co seu fillo e outras figuras femininas destacadas¹¹⁴.

En 1440 Leonor de Aragón sumaríase tamén ao empeño político da súa irmá, tras verse obrigada a exiliarse de Portugal ante o fracaso e oposición á súa rexencia. Son precisamente as experiencias de rexencia as que permiten, grazas á excepcionalidade institucional, observar a articulación dun corpo político híbrido en torno ás raíñas, unha

¹¹⁰ Silleras-Fernández, *The politics of emotions...*, pp. 161-162. Para unha análise máis pormenorizada deste *topos*, consultar: Muñoz Fernández, Ángela, “*Plantus Mariae*: Mujeres, lágrimas y agencia”, en *Arenal*, 2006, vol. 13, nº 2, pp. 237-261.

¹¹¹ Álvarez Palenzuela, “María, infanta de Aragón...”, pp. 361-362.

¹¹² Rábade Obradó, María del Pilar, “La visión de la mujer en la Crónica del Halconero de Juan II”, en *Mirabilia*, 2013, nº 17, p. 327.

¹¹³ Pelaz Flores, “Con ánimo viril...”.

¹¹⁴ Pelaz Flores, “Queenly time ...”, pp. 175-176.

inversión dos roles de xénero non transgresora, pero admitida de maneira transitoria co obxectivo de garantir a sucesión ao trono do fillo herdeiro. Así, as rexentes conservarían rasgos da feminidade normativa, coma a maternidade e a educación dos seus fillos durante a súa infancia, pero virilizarían a súa figura política mediante valores, conductas e virtudes propias dos gobernantes varóns que lexitimasen e fortalecesen con isto a súa capacidade de exercicio do poder temporalmente¹¹⁵. Non obstante, o progresivo proceso de empeoramento da condición feminina ao longo da Baixa Idade Media implicará o debilitamento do poder das mulleres canto máis nos aproximamos ao Renacemento, o que se traducirá nunha maior contestación das rexencias, tanto naqueles reinos nos que estaba regulada, coma naqueloutros nos que ningunha lei establecía como proceder en caso de minoría de idade do sucesor¹¹⁶. Deste xeito, mentres en Castela as rexencias se atopaban lexisladas polas Sete Partidas, en Portugal rexíanse polo costume.

De feito, os relatos das únicas dúas rexencias vividas neste reino, a de Leonor Teles en 1383 e a da propia Leonor de Aragón entre 1438 e 1440, presentan elementos paralelos tanto con respecto á oposición que suscitaron entre parte das elites urbanas, a aristocracia e o clero, coma na caracterización de ambas rexentes, que son vilipendiadas polos cronistas. Leonor Teles sería reducida ao estereotipo da raíña antitética, pecadora, ambiciosa e manipuladora do seu marido, unha figura instrumentalizada por Fernão Lopes para lexitimar a dinastía de Avís ao contrapoñela co modelo case santificado de Filipa de Lancaster¹¹⁷. Así, a Leonor de Aragón retratada por Rui de Pina tamén se contraporía á súa antecesora, por non ter respectado a súa posición, exercendo coma conselleira unha influencia negativa sobre o seu marido.

Deste xeito, á súa fraqueza física, causada polas dores do seu embarazo, que a obrigaban a apartarse do goberno por momentos, sumábase a súa brandura intelectual, que facía dela unha rexente vulnerable. Aparece así coma unha muller voluble nas súas decisións políticas¹¹⁸, oscilando entre as influencias de malos conselleiros que a levarían

¹¹⁵ Pelaz Flores, “Con ánimo viril...”.

¹¹⁶ Lett, *Hommes et femmes au Moyen Âge...*, pp. 144-145.

¹¹⁷ Oliveira Serrano, “Felipa y Catalina...”, pp. 379-380.

¹¹⁸ “geralmente se cre e afirma da inconstancia e pouca firmeza que muitas mulheres por sua natural condição tem, quao ligeiramente se movem”. de Pina, Rui, *Crónica de El-Rei D. Affonso V*, Lisboa, Escripatorio, 1902, vol. 1, cap. 8, p. 25.

a resolucións contraditorias e prexudiciais para o reino, así coma a desexar falsamente a rexencia¹¹⁹, deficiencias que xa foran achacadas a Catalina de Lancaster¹²⁰. En suma, isto facía de Leonor de Aragón unha gobernante desviada moral e emocionalmente do agardado dun soberano forte, virtuoso e viril, deixándose mover pola ira. Esta emoción levaríaa a expulsar a dúas doncelas da súa Casa que apoiaban ao infante don Pedro¹²¹, con quen se desexaba que dona Leonor gobernase conxuntamente, seguindo o modelo de rexencia de Catalina de Lancaster e Fernando de Antequera, segundo unha petición de Afonso V de Aragón¹²². De feito, vendo a súa progresiva debilitación política, Leonor de Aragón tentaría lograr un acordo con D. Pedro de forma deshonesto, finxindo a súa amizade e amor¹²³, unha conduta que afonda na súa baixeza a través do falseamento emocional.

Ante estas sospeitas de Leonor de Aragón de perder a rexencia ante as revoltas populares en Lisboa e a oposición da aristocracia, o cronista afirma que “a fama era ella os ordenava [*os levantamentos*] assi para morte d’alguns principaes por sua vingança”¹²⁴. Por ese desexo de vinganza contra aqueles que estaban a conspirar, dona Leonor solicitaríalle aos seus apoios que acudisen armados ás próximas Cortes, unha decisión sobre a cal o conde de Arraiolos respondeu “espantando-se muito de tal movimento”¹²⁵. Aquí vemos novamente o uso cronístico do espanto e o medo, un temor desregulado, a través de cuxa asignación se deslexitimaba a súa autoridade, á vez que se xustificaba o dereito á oposición. Isto resoa especialmente coa figura de Leonor Teles,

¹¹⁹ “a Rainha D. Lyanor principalmente, que aquella fora sempre, e era sua leal e verdadeira tençao d’obedecer, e nao a outra falsa de querer por força reinar, como lhe faziam crer que elle desejava.” *Ibid.* cap. 2, p. 16.

¹²⁰ “fue muy honesta (...) pero muy sometida a privados y regida dellos”. Pérez de Guzmán, Fernán, “Generaciones y semblanzas” ..., cap. III, p. 303. “De lo qual se siguio mucha turbación en estos reynos y gran mengua de justicia, y lo que un día se determinaba, otro día se contradecía”. Pérez de Guzmán, *Crónica de Juan II...*, cap. 2, p. 2.

¹²¹ “ella começou d’haver e declarar por suspeitosas e contrarias a si mesma todas cousas do infante D. Pedro; pelo qual com palabras irosas, e que não cabiam em sua prudencia, mansidão e virtudes, lançou fóra de sua casa duas donzellas”. de Pina, *Crónica de El-Rei D. Affonso V*, vol. 1, cap. 23, p. 48.

¹²² Rodrigues S. A., *As tristes rainhas...*, p. 211.

¹²³ “Pelo qual com necessidade e razões assaz evidentes pediam á Rainha que emquanto as cousas nao se despunham como para seu recurso cumpria, tratasse com o infante D. Pedro alguna amizade e fosse fingida”. de Pina, *Crónica de El-Rei D. Affonso V*, vol. 1, cap. 57, p. 118.

¹²⁴ *Ibid.*, cap. 27, p. 57.

¹²⁵ *Ibid.*, cap. 27, p. 56.

quen coa súa ira sería capaz de xerar medo¹²⁶, un paralelismo que, segundo Ana María Rodrigues, podería deberse a que Fernão Lopes non só se basearía en fontes orais para narrar os tumultos de 1383, senón que se vería inspirado nos movementos de Lisboa de 1439, que el mesmo tería vivido; pola contra, Rui de Pina tamén podería ter descrito esa oposición contra Leonor de Aragón baseándose no relato de Leonor Teles¹²⁷.

En todo caso, este rexemento de Leonor de Aragón reflicte unha inversión de roles descontrolada, resultado da incapacidade de virilizarse correctamente segundo as pautas propias dos bos gobernantes, o que a facía inválida para o exercicio do poder e incluso unha ameaza para a sucesión do trono, pois podería constituír un mal modelo para o príncipe herdeiro. Así, os tres Estados reunidos nas Cortes de Lisboa de 1439 acordarán a destitución de Leonor de Aragón coma rexente, xustificándose en leis do dereito canónico e civil, así coma en exemplos bíblicos, que reprobaban “Regimento publico ser dado a mulher”, entregándolle a rexencia a D. Pedro¹²⁸. Isto remataría coa vergoña que, segundo o cronista, sufrira o reino por terse visto rexido por unha muller estranxeira, por enriba dos tres irmáns varóns de D. Duarte¹²⁹. Ademais, nestas Cortes tamén se tentará retirarlle a dona Leonor a custodia dos seus fillos, posto que non só “criaria El-Rei em odio contra o Regente”, senón que ademais podería facer do príncipe Afonso un home “fraco e feminado”¹³⁰, e en consecuencia, cruel. Ao respecto, Rui de Pina recolle o posicionamento do rei Xoán II en contra de dona Leonor, supostamente argumentando que “elle mesmo Rei sentia em si quanto mal recebera por em semelhante caso ser criado em poder da Rainha D. Caterina sua madre¹³¹”. Percibimos aquí un certo temor por parte dos varóns a que súa virilidade se vise debilitada por parte dunha muller exercendo unha posición de poder.

A pesares dos seus esforzos, Leonor de Aragón veríase obrigada a exiliarse en 1440 en Castela, onde pasou a integrarse xunto coa súa irmá no bando dos infantes de Aragón para lograr, a través da súa influencia, que Xoán II apoiase firmemente a súa

¹²⁶ Olaia, “O rei que esmorece...”.

¹²⁷ Rodrigues S. A., “Las regencias femeninas...”, pp. 304-305.

¹²⁸ de Pina, *Crónica de El-Rei D. Affonso V*, vol. 1, cap. 36, p. 69.

¹²⁹ *Ibid.*, cap. 3, pp. 17-18; cap. 22, p. 46.

¹³⁰ *Ibid.*, cap. 50, p. 97.

¹³¹ *Ibid.*, cap. 62, pp. 125-126.

esixencia de regreso ao reino de Portugal, mentres o infante Pedro apoiaba de volta ao Condestable Álvaro de Luna¹³². Neste contexto, ambas irmás caerían definitivamente en desgraza, morrendo repentinamente en 1445 cunha escasa diferenza temporal entre elas, o que levantou toda unha serie de sospeitas sobre o seu posible envelenamento, do que se acusa ao infante Pedro e a Álvaro de Luna, se ben na actualidade estas teorías foron descartadas a raíz do estudo dos síntomas experimentados polas raíñas¹³³. Reflexo destas circunstancias políticas é a escasa ou mesma nula referencia nas crónicas á morte de María de Aragón, que non recibiría unhas exequias conforme ao seu estatus de raíña e cuxos desexos de enterramento non serían cumpridos, sendo finalmente sepultada no Mosteiro de Guadalupe por orde do seu fillo Henrique IV. Pola súa banda, a memoria de Leonor de Aragón tentaría ser restaurada polo seu fillo Afonso V, quen mandaríaa traer de volta a Portugal os ósos da súa nai, para poder enterralos no Mosteiro de Batalha xunto con D. Duarte, vingándose así de D. Pedro por ter causado o exilio de Leonor de Aragón¹³⁴.

Conclusiones

Na mentalidade compartida a estas tardías alturas da Idade Media hispana, a orde xerárquica, lexitimada pola divindade, configuraba unha especie de cosmogonía en base a conceptos binarios, ligando o divino co reino terreal, cos homes e mulleres, coas almas e corpos dos individuos. Esta concepción dual atopábase presente así en diversas manifestacións coma o goberno político ou as relacións entre os sexos, nun período de transición cara o mundo moderno no cal se nos transmite unha sensación de polaridade entre a bondade e a maldade, a salvación e o pecado.

Esta polaridade preséntase coma a normatividade, pero ao profundar a través da comparación e o contraste a diferentes niveis, neste traballo puidemos apreciar a pluralidade, riqueza e a plasticidade de cuestións coma o poder político, as expresións emocionais e os roles de xénero. Se ben o pragmatismo dos modelos e estereotipos das mentalidades é evidente á hora de configurar identidades diversas, a performatividade

¹³² Rodrigues S. A., “Las regencias femeninas...”, p. 321.

¹³³ Álvarez Palenzuela, “María, infanta de Aragón...”, p. 370.

¹³⁴ de Pina, *Crónica de El-Rei D. Afonso V*, vol. 1, cap. 106, p. 68; vol. II, cap. 137, p. 139.

das mesmas reflicte non só a relevancia da alteridade, senón da complementariedade, coma tan ben se ve reflectido na noción medieval do amor-temor e nas súas aplicacións políticas e conxugais. Así, nun período de mudanzas da sociabilidade e comunicación política e sexual, as emocións sufriron un cambio na súa representación, valoración e significación, coma vimos no caso da tristeza ou da ira.

Neste diálogo bidireccional entre o normativo e a realidade tamén se exploraron as limitacións e as posibilidades abertas á axencia dos individuos, sometidos a modelos, pero con capacidade de adaptación dos mesmos en base a metas políticas puramente propagandísticas, pero tamén a vontades e desexos persoais. Así, ao analizar en paralelo as masculinidades e as feminidades, quedou patente a transversalidade do xénero, máis individualizado para os varóns pero máis relacional para as mulleres, que quedaban ligadas en maior medida a modelos exemplares ou antitéticos. Estas normas de xénero, naturalizadas pero á vez consideradas en parte performativas, posibilitaban a rei e raíña a alteración e incluso a inversión dos roles, pero dificultaban a súa transgresión.

Bibliografía

Althoff, Gerd, “Ira Regis: prolegomena to a History of royal anger”, en Rosenwein, Barbara (ed.), *Anger's past: the social uses of an emotion in the Middle Ages*, Nova York, Cornell University Press, 1998, pp. 59-74.

Álvarez Palenzuela, Ángel, “María, infanta de Aragón y reina de Castilla”, en *Estudos em homenagem ao professor doutor José Marques*, 2006, vol. 4, pp. 349-370.

Beceito Pita, Isabel e Homem De Carvalho, Armando Luis, “Rey y “totalidad nacional” en la obra de don Duarte: en torno a los conceptos de prudencia y consejo”, en *Hispania: Revista Española de Historia*, 2007, vol. LXVII, nº 227, pp. 929-944.

Crónica de D. Álvaro de Luna, edición de Flores, José Miguel, Madrid, 1784.

D. Duarte, *Leal Conselheiro*, edición de Roquete, José Ignacio, Lisboa, 1843.

Earenfight, Theresa, “Without the persona of the prince: kings, queens and the idea of monarchy in Late Medieval Europe”, en *Gender & History*, 2007, vol. 19, nº 1, pp. 1-21.

Foronda, François, “El miedo al rey: fuentes y primeras reflexiones acerca de una emoción aristocrática en la Castilla del siglo XIV”, en *e-Spania* (en liña), 2007, vol. 4, < <http://journals.openedition.org/e-spania/2273> >

García-Fernández, Miguel, “Doña Aldonza de Mendoza y las mujeres de la nobleza finimiedieval: *fazedoras* de palabras ¿y escrituras?” en Almeida, Belén; Pichel, Ricardo, e Vázquez Balonga, Delfina (eds.), *Escritura en mano de mujeres en el ámbito hispánico de la Edad Media a la Modernidad*, Madrid, Sílex, 2022, pp. 37-100.

Herrup, Cynthia, “The king’s two genders”, en *Journal of British Studies*, 2006, vol. 45, nº 3, pp. 493-510.

Jara Fuente, José Antonio, “*Con grande amor e lealtat*. Las emociones al servicio de las relaciones políticas en la Castilla del siglo XV”, en Jara Fuente, José Antonio (coord.), *Emociones políticas y políticas de la emoción: las sociedades urbanas en la Baja Edad Media*, Madrid, Dykinson, 2021, pp. 147-170

Lett, Didier, *Hommes et femmes au Moyen Âge: histoire du genre (XII-XV siècle)*, París, Armand Colin, 2013.

Lewis, Katherine, *Kingship and masculinity in Late Medieval England*, Londres, Routledge, 2013.

Nieto Soria, José Manuel, “Álvaro de Luna tirano. Opinión pública y conflicto político en la Castilla del siglo XV”, en *Imago Temporis. Medium Aevum*, 2017, vol. IX, pp. 488-507.

Olaia, Inês, “O rei que esmorece e a rainha sanhuda: a crise dinástica de 1383-1385 através das emoções nas crónicas de Fernão Lopes”, en *Medievalista* (en línea), 2020, nº 27, < <https://journals.openedition.org/medievalista/2804> >

Oliveira Serrano, César, “Felipa y Catalina de Lancaster: religiosidad y relato historiográfico”, en *Anuario de Estudios Medievales*, 2016, vol. 46, nº 1, pp. 361-391.

Pelaz Flores, Diana, “Queenly Time in the Reign of Xoán II of Castile (1406-1454)”, en Woodacre, Elena (ed.), *Queenship in the Mediterranean. Negotiating the Role of the Queen in the Medieval and Early Modern Eras*, New York, Palgrave Macmillan, 2013, pp. 169-180.

--- “*Reynante(s) en vno*. Fundamentación teórica del poder de la pareja regia en la Corona de Castilla durante la Baja Edad Media”, en *Anuario de Estudios Medievales*, 2018, vol. 48, nº 1, pp. 845-869.

--- “Con ánimo viril. Expresiones de una feminidad plural a través de la figura de la reina en la historiografía castellana (ca. 1252-1474)”, en *e-Spania* (en línea), 2022, nº 42, < <https://journals.openedition.org/e-spania/44464> >

Pérez de Guzmán, Fernán, *Crónica del serenissimo rey don Juan Segundo*, impresión de Porrallis, Thomas, Pamplona, 1590.

de Pina, Rui, *Chronica d’El-Rei D. Duarte*, Lisboa, Escriptorio, 1901.

de Pina, Rui, *Chrónica de El-Rei D. Affonso V*, Lisboa, Escriptorio, vols. 1 e 2, 1901.

Rábade Obradó, María del Pilar, “La visión de la mujer en la Crónica del Halconero de Juan II”, en *Mirabilia*, 2013, nº 17, pp. 305-336.

Reddy, William, *The navigation of the feeling: a framework for the History of Emotions*, Cambridge, Cambridge University Press, 2001.

Rodrigues S. A., Ana María, *As tristes rainhas: Leonor de Aragão e Isabel de Coimbra*, Lisboa, Temas e debates, 2013.

--- “*Polla raynha Dona Lionor mjnha molher que sobre todas amo e preço*. D. Duarte e D. Leonor de Aragão: uma parceria aquem e alem-túmulo”, en Barreira Fernandez, Catarina e de Seixas Metelo, Miguel (coords.), *D. Duarte e a sua época: arte, cultura, poder e espiritualidade*, Lisboa, Instituto de Estudos Medievais da Universidade Nova de Lisboa, e CLEGH da Universidade Lusíada de Lisboa, 2014, pp. 67-83.

--- “Las regencias femeninas en los reinos ibéricos medievales: ¿fue el caso portugués una singularidad?”, en *Anuario de Estudios Medievales*, 2016, vol. 46, nº 1, pp. 301-328.

--- “The queen consort in Castile and Portugal: María de Aragón (b. 1403-d.1445), Queen of Castile, and Leonor de Aragón (b.1405/1408-d.1445), Queen of Portugal”, en Roe, Jeremy e Andrews, Jean (eds.), *Representing women’s political identity in the Early Modern Iberian world*, Londres, Routledge, 2020, pp. 239-252.

--- “Os escritos de D. Duarte sobre as mulheres no Leal Conselheiro: ecos longinquos da Querelle des Femmes?”, en *Optimo magisto sodalium et amicorum munus: homenagem a Aires A. Nascimento pelo seu 80º aniversario*, Lisboa, Centro de Estudos Clásicos, 2022, pp. 235-244.

Rodríguez del Padrón, Juan, *Triunfo de las donas y cadira de onor*, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, < <https://www.cervantesvirtual.com/obra/triunfo-de-las-donas-y-cadira-de-onor--0/> >

Rosenwein, Barbara, “Worrying about emotions in History”, en *American Historical Review*, 2002, vol. 107, nº 3, pp. 821-845.

--- *Emotional communities in the Early Middle Ages*, Nova York, Cornell University Press, 2006.

Serrano, Florence, “Del debate a la propaganda política mediante la querella de las mujeres en Juan Rodríguez del Padrón, Diego de Valera y Álvaro de Luna”, en *Talia Dixit*, 2012, nº 7, pp. 97-115.

Sampedro López, Roque, “La construcción de género en el Corbacho de Alfonso Martínez de Toledo”, en *Vegueta: anuario de la Facultad de Geografía e Historia*, 2021, vol. 21, nº 1, pp. 561-581.

Scott, Joan, “Gender: a useful category of historical analysis”, en *American Historical Review*, 1986, vol. 91, nº 5, pp. 1053-1075.

Silleras-Fernández, Núria, *The politics of emotion: love, grief and madness in Medieval and Early Modern Iberia*, Nova York, Cornell University Press, 2024.

Trevisan Bonat, Mariana, “A guarda da esposa e a obediencia ao marido: a reciprocidade dos deveres conjugais masculinos e femininos nos tratados do rei Duarte e de Christine de Pisan (sec. XV)”, en *Revista Diálogos Mediterrânicos*, 2016, nº 11, pp. 194-214.

de Valera, Diego, “Tratado en defensa de virtuossas mugeres”, en Penna, Mario (ed. lit.), *Prosistas castellanos del siglo XV*, 1959, pp. 55-76.

Vargas Martínez, Ana, Vargas Martínez, Ana, *La Querella de las Mujeres: tratados hispánicos en defensa de las mujeres (siglo XV)*, Madrid, Fundamentos, 2016,

Von Veen, Manon, “La mujer en algunas defensas del siglo XV”, en *Medioevo y literatura: actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, 1995, vol. IV, pp. 465-473.

Weiss, Julian, “¿Qué demandamos de las mujeres? Forming the debate about women in late Medieval Spain (with a Baroque response)”, en Fenster, Thelma, e Lees, Clare (eds.), *Gender in debate from the Early Middle Ages to the Renaissance*, 2002, pp. 239-274.